

PREGUNTA DE AER SOBRE A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA DE AUCOSA (Rex. Entrada 20.02.2018, 2018-E-RPLN-3).

PLENO 22 FEBREIRO 2018. ACTA 02/2018

“Pregunta sobre a autorización Ambiental Integrada de AUCOSA.

O día 15/03/2016 ten rexistro de entrada no Concello de Redondela unha notificación de emprazamento na que, ademais de solicitar a remisión do expediente administrativo nº P.O. 4290/2015, interposto por Auxiliar Conservera, S. A. (AUCOSA); indícase:

“[...]NOTIFÍCASE DITO RECURSO PARA QUE, NA SÚA CONDICIÓN DE INTERESADO, POIDA COMPARECER E PERSOARSE NOS AUTOS ANTE O ÓRGANO XUDICIAL NO PRAZO DE NOVE DÍAS”.

Como resultado do mencionado procedemento, o Tribunal Superior de Galicia, sección 002, Sala do Contencioso Administrativo, emite resolución en xullo de 2017 na que: “ESTIMA O RECURSO DE AUCOSA e anula as resolucións contrarias á concesión da Autorización Ambiental Integrada”.

Lendo a sentenza, parece claro que esta responsabiliza ao Concello de Redondela e base á súa resolución en defectos na tramitación dos documentos necesarios. Parece cando menos razoable que o Concello debara terse persoado neste procedemento para defender os intereses da veciñanza, do medio ambiente e dos técnicos que informaron negativamente sobre a idoneidade da ubicación desa empresa.

Como consecuencia destes feitos, a día de hoxe AUCOSA está a funcionar. Cos conseguintes prexuízos para a veciñanza e o medio ambiente.

En función do argumentado preguntamos:

QUE RAZÓNS DETERMINARON QUE O CONCELLO DE REDONDELA NON SE PERSOARA NO PROCESO MENCIONADO PROPICIANDO QUE HOXE AUCOSA SIGA A FUNCIONAR?”

Sr. Alcalde: di que reunirá ós voceiros co gabinete xurídico para que lle expliquen a resposta.